

CAMPIONATO GALEGO MÁSTER DE VERÁN

Santa Isabel, 25 metros, 8 estaxes
Santiago de Compostela, 13 e 14 de xuño de 2026

INSTRUCCIÓN TÉCNICAS

1.- Horarios das probas

Hora de comezo	Sábado 13	Domingo 14
Xornadas 1 e 2	10:00	10:00

2.- Quecementos

A instalación abrirá ás 08:30 para o inicio do quecemento.

O horario publicado é estimativo e podería variar debido ás baixas que se poidan producir e en función do desenvolvemento da propia competición.

Despois das probas 15 (50 braza masculino) e 32 (200 libre masculino) haberá un descanso de 30 minutos nos que se poderá utilizar a piscina para quecementos.

Utilización de material de adestramento. Durante os quecementos na piscina de competición só se permite a utilización do seguinte material auxiliar: pull-boi e táboa de pes.

Por seguridade **NON se poderán utilizar aletas, palas, gomas de resistencia...**

Os nadadores evitarán agarrarse ás placas do crono electrónico e as liñas de boias.

3.- Acreditación de delegado

A acreditación da persoa delegada de club deberá enviarse por correo electrónico cumprimentado na súa totalidade antes do 12 de xuño.

Tal e como se recolle na circular 25-04 a persoa adestradora así como a delegada acreditadas polo club deberán estar en posesión da súa correspondente licenza federativa para a presente tempada.

4.- Baixas

As baixas deberán ser comunicadas a través do formulario web até **60 minutos antes** do comezo de cada sesión pola persoa Delegada do Club.

A ausencia da comunicación regulamentaria de baixa dunha inscrición suporá a baixa automática da persoa en todas aquelas probas que lle resten por nadar nesa sesión (sexan probas individuais ou de remudas).

5.- Remudas

Se hai algunha modificación na composición de remudas con respecto á enviada coa inscrición, deberá ser

comunicada a través do formulario web até **60 minutos antes** do comezo de cada sesión coa fin de efectuar as comprobacións necesarias e introducir os datos dos participantes na base de datos.

6.- Reclamacións

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 11.

7.- Comisión de competición

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 2.

8.- Cámara de saídas

Os nadadores deberán presentarse na cámara de saída 3 series antes do inicio da súa proba.

9.- Desenvolvemento da competición

Todas as probas serán disputadas contra o reloxo.

Os nadadores evitarán subir por encima das placas abandonando a piscina polas escaleiras laterais tanto nas probas individuais como nas remudas. Os participantes das estaxes 1 a 4 sairán da auga pola escaleira lateral dereita e os das estaxes 5 a 8, sairán da auga pola escaleira lateral esquerda.

10.- Récorde Galegos

Anunciaranse por megafonía tódolos récorde galegos e figurarán nos resultados oficiais.

11.- Resultados no marcador electrónico

Os resultados que aparecen no marcador electrónico non se poderán considerar en ningún caso oficiais até que o xuíz árbitro dea o seu visto bo.

12.- Entrega de medallas

Para a entrega de medallas haberá unha mesa no pavillón anexo á piscina, na zona de premiación, na que se poderán recoller ditas medallas previa identificación con dni e a medida que se vaian confeccionando os resultados.

13.- Entrega de resultados

Os resultados serán publicados na páxina web da Federación. Non se entregarán resultados en papel.